

Guía de procedimientos e servizos

BS403B - Programa de axudas económicas a través da tarxeta Benvida.

Forma presentación

Tramitación en liña

Presencial

Datos da solicitude

Prazo de presentación: 31/12/2016 - 28/02/2018.

O prazo de presentación de solicitudes será: - Para os nados no ano 2016 ata o 28.02.2017 - Para os nados no ano 2017 ata o 28.02.2018

Prazo de resolución: 3 meses

Documentación

1. A solicitude formalizarase no formulario normalizado que figura como anexo I desta orde e que estará dispoñible na guía de procedementos e servizos que se atopa no enderezo: <http://www.xunta.gal>
2. As solicitudes (anexo I) irán acompañadas da seguinte documentación:
 - a) Copia do libro ou libros de familia da unidade familiar ou, de ser o caso, as certificacións correspondentes expedidas polo Rexistro Civil.
 - b) Certificado de empadramento conxunto da persoa solicitante e da/o nena/o que dá dereito á axuda.
 - c) Anexo II debidamente cuberto e asinado pola persoa proxenitora que non apareza como solicitante, se é o caso.
 - d) Copia da resolución xudicial/administrativa que declare a adopción ou a garda con fins adoptivos, só no caso de denegar expresamente a súa consulta ou cando se trate de situacións non formalizadas na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) Copia do DNI ou NIE da persoa solicitante, só no caso de non denegar expresamente a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
 - f) Copia do DNI ou NIE da persoa proxenitora que non apareza como solicitante das axudas, só no caso de denegar expresamente a súa consulta no Sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
 - g) Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2015 da persoa solicitante e da proxenitora que non apareza como solicitante, só no caso de que se denegue expresamente a súa consulta ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria.

h) Copia da sentenza de nulidade, separación ou divorcio ou da resolución xudicial que estableza as medidas paterno-filiais dos fillos e fillas comúns nas unións de feito e/ou do convenio regulador, de ser o caso. No suposto de familias monoparentais, a documentación anterior poderá substituírse pola copia do certificado administrativo de monoparentalidade, sempre que conste nel a filla ou fillo polo que se solicita a axuda, só no caso de denegar expresamente a súa consulta ante a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou que sexa expedido por outra comunidade autónoma.

3. Na solicitude (anexo I) deberá figurar, con carácter obrigatorio, un teléfono móbil para efectos de activar a tarxeta Benvida. A activación será efectiva unicamente desde o número de móbil que se faga constar na solicitude.

4. No suposto das solicitudes presentadas por vía electrónica, deberá presentarse unha copia dixitalizada dos documentos indicados nos puntos anteriores.

A onde acudir

Se ten algunha dúbida técnica pode poñerse en contacto co servizo de atención cidadá no teléfono 012 ou enviando un correo a 012@xunta.gal

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA

SUBDIRECCIÓN XERAL DE DEMOGRAFÍA E CONCILIACIÓN

SERVIZO DE CONCILIACIÓN FAMILIAR
Edificio Administrativo San Caetano. Edificio a Pirámide
15781
Santiago de Compostela
Teléfono: 981544623 Fax: 981544634
Email: dxfamilia.politicasocial@xunta.es

Obxecto

Esta orde ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a concesión dunha axuda económica para as familias que no ano 2017 teñan un/unha fillo/a, adopten ou estean en situación de garda con fins adoptivos dun neno ou nena menor dun ano e proceder á súa convocatoria.

Esta axuda farase efectiva a través da tarxeta Benvida, a cal só poderá ser utilizada en farmacias, parafarmacias, supermercados, tendas de alimentación e establecementos de puericultura ou especializados en artigos e produtos para a infancia.

Beneficiarios

Poderán ser beneficiarias desta axuda aquelas persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que se atopen

nun dos seguintes supostos:

- a) Ter fillas ou fillos, tanto por natureza como por adopción, nados entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.
- b) Estar en situación de garda con fins adoptivos dun ou máis nenos/as nados/as entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2017.

Requisitos

1. Serán requisitos necesarios para a concesión desta axuda:

- a) Que a persoa proxenitora solicitante teña a súa residencia habitual en Galicia. No caso de que da documentación presentada se poida deducir que isto non é así, poderáselles requirir para que presenten a documentación complementaria que o demostre.
- b) Que a renda per cápita da unidade familiar, sumadas a base imponible xeral e a base imponible do aforro, da declaración do imposto da renda das persoas físicas (en diante, IRPF) do ano 2015 non supere os 45.000 euros. No suposto de que esta contía sexa superior, a renda per cápita, entendida como a suma das bases impositibles xeral e do aforro dividida polo número de membros da unidade familiar, non deberá superar os 13.500 euros.

Nos casos en que non se teña realizado a declaración do IRPF do ano 2015, os ingresos serán os que resulten dos datos que figuren en poder da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de conformidade co disposto no artigo 8.1 desta orde, aos cales se lles restarán os gastos deducibles.

Entenderase por unidade familiar a formada pola/s persoa/s proxenitora/s e mais:

- 1º. As fillas e os fillos menores, agás que, con consentimento do/a pai/nai, vivan de xeito independente.
- 2º. As fillas e os fillos maiores de idade con incapacitación xudicial e patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- 3º. As fillas e os fillos maiores de dezaioito anos cun grao de discapacidade superior ao 33 %.
- 4º. As menores e os menores en situación de garda con fins adoptivos.

No suposto de non convivencia das dúas persoas proxenitoras se unha delas asume en solitario o sustento da unidade familiar (familias monoparentais segundo o disposto no artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia), a renda da que non contribúe non será computada sempre que se acredite documentalmente a dita circunstancia.

-Ademais, as persoas beneficiarias teñen que cumprir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

-Todos os requisitos recollidos neste artigo deberán reunirse no momento de finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Normativa

AUTONÓMICA

Corrección de erros. Orde do 23 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión

da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2017 e se procede á súa convocatoria (DOG nº 2 do 3 de xaneiro de 2017).

Normativa

AUTONÓMICA

Orde do 23 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases polas que se rexerá a concesión da axuda económica, a través da tarxeta Benvida, para as familias con fillas e fillos nados no ano 2017 e se procede á súa convocatoria (DOG nº 249 do 30 de decembro de 2016).

Acceda a este e a outros procedementos relacionados a través da guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia en <https://sede.xunta.gal/guia-de-procedementos-e-servizos>